

Regueifa e improvisación oral en verso

Materia optativa de centro

Programación

IES Marco do Camballón

Curso 2020-2021

Profesor: Xosé Luís González Sende

Índice

1. Introducción	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	6
3. Obxectivos	7
4. Contidos	
4.1. Secuenciación de contidos	9
5. Avaliación	
5.1. Temporalización	11
5.2. Mínimos exixibles	11
5.3. Estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación	11
5.4. Criterios de cualificación	13
5.5. Sistema de cualificación	13
5.6. Observacións xerais e recuperacións	14
5.7. Rúbricas	
5.7.1. Rúbrica para avaliar unha improvisación en verso	15
5.7.2. Rúbrica de aprender a aprender	18
6. Metodoloxía didáctica	22
7. Materiais e recursos didácticos	22
8. Avaliación da práctica docente e proceso de ensino	23
9. Procedementos de acreditación do alumnado	24
10. Avaliación inicial	24
11. Medidas de atención á diversidade	25
12. Elementos transversais	25
13. Actividades complementarias e extraescolares	25
14. Mecanismos de revisión da programación	26
15. ANEXO: Currículo de “Regueifa e improvisación oral en verso”	26
16. ANEXO: Estándares mínimos	38

Observación:

Esta materia, nova no noso sistema escolar, está nun proceso inicial de desenvolvemento. Este é o terceiro curso que se imparte. Os dous profesores que traballamos neste proceso –Xosé Luís González Sende, do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces, profesor desta materia, e Manuel Maseda Deán, do IES Maximino Romero de Baio- revisamos esta programación para o presente curso, como resultado do traballo de formación persoal da licenza de formación que realizamos hai dous cursos e da revisión crítica da programación despois dos seus primeiros cursos en funcionamento.

1. Introducción

A *Regueifa* é a expresión galega da *improvisación oral en verso*, un movemento académico e cultural en expansión que xa conta con cátedras universitarias, congresos internacionais ou procesos de investigación e de desenvolvemento escolar abertos por diferentes lugares do planeta. A *Improvisación oral en verso* introduciuse no ensino regrado en Cuba, País Vasco, Brasil ou Italia e, no noso sistema, esta materia de libre configuración móstrase como un espazo para a renovación pedagóxica e o fomento da participación sociocultural en, para e desde a Educación Secundaria.

No noso caso, esta materia ten unha importancia dual, tanto no plano de formación persoal do alumnado como no desenvolvemento desde os centros educativos dun proceso colectivo de creación e dinamización sociocultural.

Nun momento en que constatamos unha crise nas habilidades comunicativas orais nesta nosa “Era da Comunicación”, pensamos que o sistema escolar debe actuar ofrecendo unha formación de calidade através de novos modelos pedagóxicos, actualizados e experimentais. A “Escola” corre o risco de ficar distanciada da evolución sociocultural e a aprendizaxe de habilidades de comunicación social através da oralidade, convivindo coas novas tecnoloxías da comunicación, parécenos unha vía con grandes posibilidades de desenvolvemento.

Estase a poñer de manifesto a necesidade de actualizar o traballo oral no contexto educativo para mellorar a capacidade comunicativa do noso alumnado para expresar sentimentos, coñecementos, opinións ou proxectos e esta materia quere participar nesa renovación pedagóxica.

Ademais, pensamos que aprender a falar é unha experiencia social que ten en conta aspectos lingüísticos, sociolingüísticos, discursivos e de estratexia comunicativa. A planificación e realización da materia de *Regueifa e Improvisación oral en verso* está estreitamente vinculada con correntes didácticas de vangarda ás que, coa nosa experiencia, queremos contribuir, relacionando ámbitos científicos como a lingüística, a musicoloxía, a psicoloxía social, a antropoloxía ou a socioloxía.

Esta materia conxuga dous ámbitos de comunicación fundamentais: o lingüístico e o musical. A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa

formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. E ese é un obxectivo fundamental da materia de “Regueifa e improvisación oral en verso”. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles ou os reprodutores de son. Ese é o mundo que queremos tamén desenvolver co noso alumnado nesta materia. .

A dimensión musical desta materia permite así mesmo o exercicio da creatividade, e esta supón unha das maneiras máis importantes que ten o ser humano de aprender e de adaptarse, pois a rixidez fainos vulnerables, mentres que a creatividade fortalécenos ao axudarnos na constante adaptación que, en última instancia, é a vida.

O feito de que a educación musical contribúa a unha educación integral do individuo e que o alumnado, polo xeral, disfrute da súa aprendizaxe e práctica -feito este tan importante para a motivación cara á aprendizaxe- consideramos que lle outorgan un gran valor educativo á nosa materia.

A nosa proposta integra o traballo musical, lingüístico, escénico e actitudinal, desde un punto de vista que entende a improvisación oral como unha actividade social e comunicativa que pretende ser unha actividade altamente significativa para o alumnado, desde a perspectiva de “actividade social”, das relacións sociais, fomentando o carácter lúdico da experiencia de aprendizaxe e a participación directa, protagonista, do propio alumnado.

Con esta materia preténdese modernizar a creación cultural desde o ámbito escolar, actualizar a nosa tradición. A Regueifa é un importante elemento do patrimonio cultural inmaterial, e a nosa intención tamén é darlle ao imaxinario tradicional unha funcionalidade no momento actual, **crear tradición en activo**, ou activar a tradición e actualizala coa enerxía da xuventude.

A materia *Regueifa e Improvisación oral en verso* debe dotar ao alumnado de coñecementos, técnicas e procedementos que lle permitan expresarse e crear a través das linguaxes verbais, musicais e escénicas. Para tal fin, o alumnado debe comprender e interpretar diferentes linguaxes así como o devir da historia da improvisación oral en verso ao longo dos séculos e en diferentes territorios; saber valorar a importancia do patrimonio inmaterial e a improvisación oral, comprender e participar do movemento de actualización da regueifa e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento; constatar e valorar a improvisación oral como peza de desenvolvemento cultural, social e económico da nosa sociedade.

Por outra banda, é indispensable que o alumnado tome conciencia e desenvolva na práctica os seus recursos expresivos, mediante a exploración dos compoñentes do complexo comunicativo da improvisación oral en verso; o desenvolvemento da sensibilidade musical; o desenvolvemento da súa capacidade de concentración, relaxación e de autoconciencia; a procura de niveis óptimos de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario no modelado da súa conduta; a exploración dos seus recursos no terreo da oralidade, e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes na improvisación oral en verso configuran múltiples xeitos de construír e realizar o propio movemento sociocultural da Regueifa, e entender, por conseguinte, que cada sociedade e cada época debe coñecer a súa tradición e actualizala cos valores sociais emerxentes; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación fonon e son modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

A materia permite ir descubrindo cos alumnos e coas alumnas, a través da súa propia experiencia, o desenvolvemento das súas capacidades creativas, estudando, así, os aspectos teóricos e prácticos da materia.

Esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, especialmente das de carácter oral; as competencias sociais e cívicas, pois a improvisación oral en verso ten como destino comunicativo participar de xeito eficaz e construtivo na vida sociocultural; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autocoñecemento e a autoestima.

Esta materia distribúe os seus contidos en cinco bloques:

B1. "Comunicación musical"

B2. "Historia da Regueifa e a improvisación oral en verso"

B3. "Comunicación lingüística, poética e retórica"

B4. "Comunicación escénica e performance"

B5. "Creatividade e xestión sociocultural".

No **bloque primeiro**, *Comunicación Musical*, (5 sesións) coñeceremos a tradición musical do improviso galego e faremos as nosas propias recollidas de campo. Ademais, coñeceremos a dimensión musical histórica e actual do repente galego e doutras partes do mundo. Practicaremos a regueifa de xeito activo explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz. Tamén gravaremos en diferentes formatos improvisacións orais en verso e diferente material de carácter musical, empregando as TIC para a súa divulgación., utilizando as redes sociais para partillar a información.

No **segundo bloque**, *Historia da improvisación oral en verso*, (6 sesións), explícase a historia e a actualidade da improvisación oral en verso, tanto en Galiza como noutros puntos do planeta. Explícase tamén a importancia de improvisación na historia do ser humano, desde un punto de vista antropolóxico e sociolóxico, en relación coa historia pasada e a actual era da información. É importante coñecer a historia e actualidade da improvisación oral en verso no resto do mundo: País Vasco, Sudamérica, Portugal, Brasil, Cataluña e outros territorios, como exemplo da diversidade cultural dos pobos. E, alén disto, o alumnado coñecerá o proceso de desenvolvemento educativo e sociocultural da regueifa como movemento sociocultural en expansión.

No **bloque terceiro**, *Comunicación lingüística, poética e retórica* (11 sesións), explicaremos os principios da comunicación lingüística e sociolingüística da regueifa; os recursos literarios do xénero: morfoloxías poéticas, recursos estilísticos, convencións da tradición, innovacións actuais. Relacionaremos a improvisación oral coa retórica. E aprenderemos a improvisar textos orais en verso.

Em **cuarto lugar**, no bloque *Comunicación escénica e performance* (6 sesións), coñeceremos os elementos non verbais da regueifa como proceso comunicativo en interacción cun público. Neste ámbito de comunicación, teremos especial interese en demostrar seguridade persoal diante do momento da improvisación pública, através da adquisición de técnica, experiencia e autoestima. Ademais, empregaremos a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso oral.

Por último, no **bloque quinto**, *Creatividade e xestión sociocultural* (8 sesións), coñeceremos activamente as características do movemento sociocultural da improvisación oral, e implicarémonos con outros axentes locais e non locais na xestión da improvisación oral en verso como elemento dinamizador da escola e da sociedade. Traballaremos desde a innovación e a creación colectiva, empregando as ferramentas dixitais para a creación horizontal e a divulgación cultural.

Nesta materia ten unha importancia fundamental a **comunicación transversal de valores**, pois pensamos que a improvisación oral en verso debe actualizar os referentes actitudinais dunha tradición histórica (especialmente sexista) con valores do século XXI e que é o noso alumnado quen debe ter un especial protagonismo no proceso de modernización da Regueifa.

Finalmente esta materia ten a posibilidade de desenvolver o espírito da Lei Paz Andrade, LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Esta Lei expón no seu Artigo 1 que *“Os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.”*. E no artigo 2, **para o ámbito educativo**, expón que *“O Goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.”*. Neste sentido, a materia de “Regueifa e improvisación oral en verso” poderá incluír entre as súas actividades e recursos -especialmente TIC- materiais en lingua portuguesa.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Para a configuración do Currículo da materia “Regueifa e improvisación oral en verso”, proposta como materia de centro para 2º da ESO, partimos do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, no Decreto 86/2015 do 25 de Xuño incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Para elaborar este currículo e a súa aplicación didáctica queremos destacar que o esta materia impulsa diversas competencias clave sinaladas no artigo 3 do DECRETO 86/2015: Competencia lingüística, (CCL), competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), Competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresión culturais (CCEC).

A idea é que a presente materia contribúa á adquisición de todas as competencias claves.

Esta materia contribúe ao logro da totalidade das Competencias clave, dado o seu carácter integrador dentro do Currículo. Examinarémolo por bloques de contido.

No caso da **Comunicación lingüística**, contribúe ao seu desenvolvemento ao ser a lingua a principal vía de acceso á materia e polo desenvolvemento de actividades de expresión axeitada das propias ideas en contextos comunicativos de análise, creación e interpretación de textos –orais e escritos- e no traballo sobre a respiración, dicción, articulación e expresión axeitada en situacións de interpretación escénica.

Ademais no seu formato non verbal, de traballo xestual e corporal, o individuo desenvolve as súas capacidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outras persoas.

Por outro lado, nesta materia ten unha especial importancia e elaboración de textos orais literarios, dependentes de rima, métrica e outros recursos propios da poesía oral.

Competencias básicas en **Ciencias e Tecnoloxía**, porque promove condutas e adquisición de valores responsables para o ben común inmediato no que afecta á saúde individual e colectiva, a través dos beneficios físicos e psíquicos que achega a improvisación oral en verso.

Competencia dixital, na elaboración de traballos de investigación individuais e/ou en grupo, xa que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación; accedendo, xestionando e manexando diferentes motores de procura e bases de datos e transformando esta información en coñecemento. A maiores tamén se traballarían as ferramentas de edición audiovisual para análise e exposición das creacións propias.

Aprender a aprender, caracterizada pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, onde a motivación e a confianza son cruciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces e a través da ampliación das habilidades de expresión, especialmente presentes en contidos relacionados coa improvisación, tanto individual como colectiva; así como mediante a xeralización do seu cultivo no tempo de lecer.

Competencias sociais e cívicas, por implicar a interacción con outras persoas dentro dun grupo, conforme a normas baseadas no respecto mutuo; tanto na realización de regueifas ou performances como na expresión verbal e non verbal; co obxectivo de comprender as expresións colectivas e a organización e o funcionamento da improvisación oral en verso na sociedade pasada e presente. Desenvolve o sentido da responsabilidade, mostrando comprensión e respecto aos valores e ideas alleas e a recepción reflexiva e crítica da información sobre as artes escénicas e a danza.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, que implica a capacidade de transformar as ideas en actos polo desenvolvemento de actitudes que leven un cambio de mentalidade, capacidade de pensar de forma creativa, autoconñecemento e autoestima, autonomía ou independencia, interese, esforzo e espírito emprendedor, sentido crítico e da responsabilidade.

Conciencia e expresións culturais, porque implica coñecer, comprender, apreciar e valorar, cunha actitude aberta e respectuosa, a regueifa e a improvisación oral como unha das diferentes manifestacións culturais e artísticas, a través do estudo, análise e a interpretación dos seus textos históricos –documentados- e actuais. A regueifa desenvolve nos alumnos e alumnas a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas e emocións.

3.- Obxectivos

Enténdense por **Obxectivos** os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Na presente materia contemplaremos ademais os seguintes obxectivos, que serán os que tentaremos alcanzar ó remate da mesma:

- Construír un proxecto de formación para motivar ao alumnado e que lles axude a prepararse para a realidade que nos rodea, adoptando unha postura crítica, solidaria, autónoma, cooperativa e responsable a través da improvisación oral en verso.
- Vincular o noso proceso formativo dentro das aulas co proceso de desenvolvemento sociocultural da Regueifa fóra das aulas, na propia sociedade, entrando en relación cos diferentes axentes –activos e pasivos- da improvisación oral en verso, desde institucións e empresas, pasando por asociacións culturais, centros de investigación, artistas e público en xeral.
- Vincular a forma de improvisación galega con formas de improvisación doutras sociedades, con especial interese por Portugal, Brasil, País Vasco, Cataluña e Cuba.
- Fomentar por esta vía un clima de Centro que favoreza a participación de todo o alumnado e favoreza o proceso de aprendizaxe.
- Promover a participación das familias e de sectores sociais locais e doutros ámbitos en actividades xestionadas polo alumnado.

Así mesmo, a materia de Regueifa e improvisación oral en verso responde a un dos obxectivos centrais do Currículo do DECRETO 86/2015: **“Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística”**.

Tamén queremos destacar a importancia que teñen os **elementos transversais** na realización teórica e aplicación práctica desta nova materia , descritos no artigo 4 do DECRETO 86/2015, especialmente os detallados no punto 1: expresión oral, emprendemento, e educación cívica; no punto 2: igualdade efectiva entre homes e mulleres, xunto a valores de igualdade e non discriminación, liberdade, xustiza, paz e dereitos humanos; e o punto 3: fomentar a participación en actividades...

Por outro lado, queremos destacar que este proxecto nace en relación co artigo 5, **Autonomía dos centros docentes**, así como da **colaboración entre dous centros –IES de Vila de Cruces e IES de Baio- que vimos traballando en proxectos de innovación desde hai varios anos** e materializamos con esta proposta de materia un importante paso na planificación educativa no noso sistema escolar, froito dun proceso de investigación e desenvolvemento dunha pedagogía propia xerada no **Proxecto Regueifesta** que, alén do obxectivo de dinamización e normalización lingüística e musical, ten como finalidade a materialización dun marco didáctico innovador, **un novo modelo de pedagogía experimental**.

4.- Contidos

Enténdense por **Contidos** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

4.1.- Secuenciación de contidos

Estrutúrase esta materia en cinco bloques: "Comunicación musical", "Historia da improvisación oral en verso", "Comunicación lingüística, poética e retórica", "Comunicación escénica e performance" e "Creatividade e xestión sociocultural".

BLOQUE 1. Comunicación musical (5 sesións)

1. Investigar e valorar as posibilidades do son.
2. Traballar con pezas de recollidas de campo e realizar recollidas de campo propias.
3. Analizar as diversas formas musicais da improvisación oral en verso que traballemos na aula.
4. Coñecer a música aplicada á improvisación oral en verso da nosa cultura e doutras culturas.
5. Practicar a regueifa de xeito activo explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz
6. Identificar o corpo como instrumento.
7. Gravar e rexistrar as interpretacións propias para a súa valoración e difusión.

BLOQUE 2: Historia da improvisación oral en verso (6 sesións)

1. Explicar a historia e actualidade da improvisación oral en verso en Galicia.
2. Explicar a importancia de improvisación na historia do ser humano, desde un punto de vista antropológico e sociolóxico, en relación coa historia e a actual era da información.
3. Coñecer a historia e actualidade da improvisación oral en verso no resto do mundo: País Vasco, Sudamérica, Portugal, Cataluña e outros territorios.
4. Participar no desenvolvemento educativo e sociocultural da regueifa como protagonistas dun movemento social.

BLOQUE 3: Comunicación lingüística, poética e retórica (11 sesións)

1. Explicar os principios da comunicación lingüística e sociolingüística da regueifa: texto e contexto, elementos da comunicación.
2. Coñecer os recursos literarios do xénero: morfoloxías poéticas, recursos estilísticos, convencións da tradición, retórica, innovacións actuais...
3. Demostrar a capacidade para improvisar textos orais en verso.
4. Desenvolver, a través dos textos orais, a capacidade analítica, crítica e de creación cultural.

BLOQUE 4: Comunicación escénica e performance (6 sesións)

1. Coñecer os elementos non verbais da regueifa como proceso comunicativo en interacción cun público.
2. Demostrar seguridade persoal diante do momento da improvisación pública, a través da adquisición de técnica, experiencia e autoestima.
3. Comprender a importancia do público na creación da regueifa.

BLOQUE 5: Creatividade e xestión sociocultural (8 sesións)

1. Consideración dos valores culturais.
2. Implicación no proceso de socialización da regueifa con outros axentes locais.
3. Participación no movemento sociocultural de revitalización da Regueifa.
4. Innovación e creación colectiva.
5. Ferramentas dixitais para a creación horizontal.
6. Dinamización e divulgación cultural na rede a través das novas tecnoloxías da comunicación.

5.- Avaliación

5.1.- Temporalización

A presente materia impartirase en períodos lectivos de 1 hora semanal, polo que a duración total da materia será de aproximadamente de 36 horas. Esas horas distribuiranse entre as diferentes unidades didácticas.

5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia

Na presente programación deberemos indicar os mínimos esixibles ó alumnado necesarios para a avaliación positiva da materia. Así, estableceranse os seguintes mínimos, con carácter xeral. (En documento adxunto fechando esta programación engádese a táboa cos estándares mínimos desta materia)

Mínimos esixibles

1. Saber expresarse musicalmente, segundo a formación aprendida, na interpretación dunha improvisación oral en verso cantada.
2. Coñecer con carácter xeral a historia da improvisación oral en verso na Galiza e noutros puntos do planeta, así como a situación actual na nosa sociedade.
3. Saber improvisar en verso segundo a formación aprendida.
4. Desenvolver capacidades e destrezas musicais e lingüísticas orais improvisadas, e habilidades non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo.
5. Participar en regueifas con público onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas.
6. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsábel e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos.
7. Participar no movemento sociocultural da regueifa desde o ámbito escolar, formando parte dunha comunidade sociocultural, desde a propia individualidade. Participar en proxectos de autoxestión e traballo colectivo.

5.3.- Estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación

Para avaliar a materia de “Regueifa e improvisación oral en verso” temos presente a concepción da canción improvisada como actividade primordialmente comunicativa.

A avaliación será continua e terá en conta o progreso do alumnado, de forma individualizada, valorando especialmente a capacidade de adaptarse a distintos contextos, rexistros e tipoloxías de discursos.

Por outra banda, no proceso é interesante que tamén se involucre o alumnado (autoavaliación, coavaliación, avaliacións colectivas) como forma de regulación, conscienciación e progreso da propia aprendizaxe.

En documento adxunto fechando esta programación engádesse a táboa cos estándares mínimos desta materia.

Que se avalía? Estándares de aprendizaxe	Como se avalía? Procedementos e instrumentos
Comunicación musical Estándares RIOVB1.1.1, RIOVB1.1.2, RIOVB1.2.1, RIOVB1.2.2, RIOVB1.3.1, RIOVB1.3.2, RIOVB1.3.3, RIOVB1.3.4 RIOVB1.3.5, RIOVB1.4.1. RIOVB1.4.2. RIOVB1.5.1, RIOVB1.5.2	Observación diaria e rexistro Prácticas orais planificadas Proba de improvisación cantada en verso (Rúbrica)
Historia e actualidade do repentismo Estándares RIOVB2.1, RIOVB2.3, RIOVB2.3, RIOVB2.4, RIOVB2.5, RIOVB2.6	Revisión do caderno Traballos escritos (individuais ou en grupo) Proba escrita
Comunicación lingüística, poética e retórica Estándares RIOVB3.1.1, RIOVB31.2, RIOVB3.2.1, RIOVB3.2.2, RIOVB.3.2.3, RIOVB3.3.1, RIOVB3.4.1,	Observación diaria e rexistro Traballos orais (individuais e en grupo) Proba de improvisación cantada en verso (Rúbrica)
Comunicación escénica e performance Estándares RIOVB4.1.1, RIOVB4.1.2	Observación diaria e rexistro Traballos de práctica escénica (individuais ou en grupo) Proba de improvisación cantada en verso (Rúbrica)
Creatividade e xestión sociocultural Estándares RIOVB5.1.1., RIOVB5.2.1, RIOVB5.3.1	Observación diaria e rexistro Traballos escritos (individuais ou en grupo)

CAA	Rúbrica Observación diario e rexistro

5.4. Criterios de cualificación

Con carácter xeral, temos que ter en consideración que esta é unha materia que ten como obxectivo central -segundo o seu currículo- o desenvolvemento da expresión oral improvisada en verso, así como o coñecemento da historia do repente e o desenvolvemento de procesos de xestión cultural e o traballo con valores. A materie desenvolve pois, fundamentalmente, a oralidade do alumnado.

Ao longo das avaliacións o alumnado desenvolverá actividades arredor da expresión oral, cunha especial atención á dimensión práctica, en diferentes dimensións: musical, lingüística, poética, comunicativa, performática, de xestión cultural...

Por iso no proceso de avaliación os instrumentos de cualificación terán en conta recursos innovadores como sistemas de gravación e arquivo de voz e/ou audiovisual.

5.5. Sistema de cualificación

1.-Probas prácticas de avaliación dos estándares de aprendizaxe de Comunicación musical: 10 %

Avaliaranse através de observación diaria e unha proba de improvisación oral en verso ao final de cada avaliación.

2.-Unha proba-exame que avalía os estándares de aprendizaxe principais dos diferentes Bloques: 10%

Esta proba pode ser oral ou escrita e terá como obxectivo que o alumnado demostre o resultado da súa aprendizaxe.

Na proba os contidos terán o seguinte peso:

Contidos	
Comunicación musical	10%
Historia e actualidade do improviso	50%
Comunicación lingüística, poética e retórica	10%

Comunicación escénica e performance	10
Creatividade e xestión sociocultural	10%

3. -Unha proba práctica de improvisación oral en verso (ver rúbrica): 20%

4.- Avaliación da Competencia Aprender a aprender (ver rúbrica): 20 %

Esta competencia é transversal en todas as dimensións da materia e, alén diso, valorámola de forma explícita através dun traballo en grupo de creatividade e xestión sociocultural consistente na organización dun evento, actividade ou intervención educativa e sociocultural.

5.- Prácticas na aula e traballo na casa: 20%

As prácticas na aula (10%) avaliaranse mediante observación e rexistro do profesorado e rúbricas. En cada práctica oral o profesorado explicará os criterios concretos de puntuación. Realizarase, como mínimo, unha práctica oral planificada (individual ou en grupo) por avaliación.

Realizarase traballos na casa, (10%), fundamentalmente práctico, que o alumnado exporá nas aulas. Avaliaranse mediante un rexistro do profesorado.

6. -Traballo de investigación individual: 20 %

Recollerase un traballo individual escrito, sonoro ou audiovisual, por avaliación relacionado con tarefas de comprensión e análise dos bloques de contido da materia.

Tamén estableceremos actividades para a autoavaliación do proceso de aprendizaxe por competencias por parte do propio alumnado.

5.6. Observacións xerais e recuperacións:

A **nota de cada avaliación** calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados; para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 ou superior.

A **cualificación da avaliación final** obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

Recuperacións

Cando un alumno/a teña unha avaliación suspensa pode aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar unha ou dúas probas de recuperación, respectivamente, sobre os contidos da/s avaliación/s pendente/s. Sería necesario obter 5 puntos para considerala recuperada. Pola contra, o alumnado que non superase ningunha das tres avaliacións ao longo do curso non terá opción de recuperación en xuño e deberá presentarse á proba da convocatoria extraordinaria de setembro.

Na **convocatoria de setembro** efectuarase unha proba oral de improvisación oral, individual ou en grupo, un exame escrito con contidos dos bloques da materia e recollerase un traballo de investigación sobre a materia. A proba oral terá un valor de 6 puntos. A proba escrita e o traballo de investigación terán un valor de 2 puntos cada un. Será necesario acadar 5 puntos para aprobar.

Contidos	
Comunicación musical	10%
Historia e actualidade do improviso	50%
Comunicación lingüística, poética e retórica	10%
Comunicación escénica e performance	10
Creatividade e xestión sociocultural	10%

5.7. Rúbricas

5.7.1. Rúbrica para avaliar unha proba de improvisación oral en verso

Elementos de avaliación:

1. Vocaliza, usa o volume e o ton de forma axeitada
2. Fai un uso adecuado da comunicación musical
3. Adapta o ton do discurso (serio, humorístico, etc) ao tema e ás circunstancias
4. Coida a linguaxe non verbal e actúa con seguridade escénica
5. É orixinal e innova. Sorprende.
6. Ten riqueza léxica.
7. A información, os temas desenvolvidos, son adecuados, coherentes e lóxicos
8. Emprega a lingua de forma correcta, coidando o seu discurso de castelanismos
9. Utiliza a linguaxe non sexista e promove valores non discriminatorios.

10. Interactúa co auditorio e/ou compañeiras e compañeiros de improviso.

Puntuación:	4	3	2	1	0
Volume, vocalización	Oíuselle perfectamente, con claridade e unha boa vocalización.	Nalgún caso non se oíen	Hai dificultades para entender o que canta	Non se oí nada do seu improviso	
Comunicación musical	A súa interpretación musical é excelente.	A realización musical é satisfactoria	Presenta eivas e defectos na interpretación musical.	A súa interpretación musical é pobre e distorsionada.	
Ton do discurso (humor, seriedade...)	O seu ton é moi expresivo e ten capacidade para mudar de ton expresivo e crear dinamismo durante os diferentes momentos da improvisación.	Por veces o ton non é dinámico ou adecuado.	O ton do improviso non é apropiado. Por veces é monótono.	Non ten variacións de ton. Monotonía na interpretación.	
Linguaxe non verbal e seguridade escénica	Desenvólvese con naturalidade diante do público. O corpo móvese con expresividade, de forma consciente e efectiva.	Ás veces, mostra inseguridade.	A súa linguaxe corporal é básica. Mostra nerviosismo.	A súa linguaxe non verbal non é eficaz.	
Orixinalidade	Improvisa con creatividade e orixinalidade, sorprendendo ao	Ás veces sorprende con algún elemento orixinal	Moi poucas veces é orixinal na creación do discurso	Exprésase repetindo tópicos e lugares comúns	

	público.			
Riqueza léxica	Improvisa con riqueza de vocabulario, adecuado aos temas, e variado, especialmente nas palabras rima.	Inclúe, ás veces, vocabulario rico e variado.	O seu material de creación léxica non é moi variado. Vocabulario básico.	Pobreza de vocabulario no discurso.
Información coherente e lóxica	A información e temas sobre os que improvisa son moi adecuados ao contexto, e exprésaos con coherencia e cohesión.	Ás veces o seu discurso adecúase á situación comunicativa, mais ten erros para construír discurso coherente e adecuado.	Normalmente improvisa sen coherencia nin adecuación	O seu discurso non é coherente, adecuado nin cohesionado.
Corrección lingüística	Exprésase con corrección e calidade de lingua.	No seu discurso aparecen incorreccións que crean ruído e empobrecen o improviso.	Improvisa con castelanismos e outros desvíos da norma.	Improvisa continuamente con castelanismos, vulgarismos e outros desvíos da norma (hiperenxebrismo)
Valores non discriminatorios	Improvisa con linguaxe non sexista e desenvolve expresións e ideas con valores contra as discriminacións sociais.	Emprega, de vez en cando, a linguaxe non sexista. Ás veces inclúe a defensa de valores non discriminatorios.	Utiliza a linguaxe non sexista de forma pouco habitual, así como expresións en defensa da xustiza social e contra os prexuízos sociais.	A súa linguaxe é sexista e discriminatoria: racismo, homofobia, clasismo, etc.
Interacción co público e compañeiras/os	Interactúa activamente co público e compañeiras de improviso de forma	Às veces establece interacción directa co público e compañeiras de regueifa.	Improvisa tendo pouco contacto, básico, co público e compañeiras/os de	Nunca interactúa directamente co público. Fica isolado/a no escenario sen

	natural e expresiva, aproveitando o feedback para enriquecer a comunicación.		regueifa.	aproveitar o feedback.
--	--	--	-----------	------------------------

5.7.2. Rúbrica para avaliar a competencia Aprender a aprender

Competencia para aprender a aprender (CC) 2º da ESO					
Proceso	Estándares prioritarios	Rúbrica do nivel de logro			
		Excelente (2,5-3 puntos)	Satisfactorio (2-1,5 puntos)	Básico (1,5-0.75 puntos)	Escaso (0.75-0 puntos)
<p>Valoración da xestión do traballo individual e colectivo para desenvolver proxectos.</p> <p>Participación no proceso de aprendizaxe organizando procesos cooperativos, de forma persoal e/ou en grupo, con</p>	<p>2º RIOV. B5.1.1. Participa activamente na planificación e xestión dun encontro de regueifa.</p> <p>2º RIOV. B2.5.1. Elabora organiza e difunde o material elaborado sobre regueifa através das TIC.</p>	<p>Participa sempre de forma activa, planificando e xestionando, individualmente e en grupo ,o proceso de organización dun encontro público de improvisación oral en verso.</p> <p>Elabora e difunde material sobre regueifa através das TIC, sempre</p>	<p>Na organización dun encontro de regueifa, participa de forma satisfactoria, tanto a nivel individual como no traballo en grupo.</p> <p>Elabora e participa adecuadamente na difusión, através das TIC; dos materiais sobre regueifa e improvisación oral en verso.</p>	<p>Participa, cunha intensidade básica, na organización dun encontro público de regueifa</p> <p>Elabora e difunde os materiais da regueifa, através das TIC, de vez en cando.</p> <p>Con carácter xeral, non valora, á que nos aspectos máis básicos, o patrimonio inmaterial, e a súa función como axente transmisor da regueifa.</p>	<p>Non participa activamente na organización dun encontro de regueifa.</p> <p>Non elabora nunca ou case nunca material sobre regueifa através das TIC, nin os difunde.</p> <p>Non valora nunca ou case nunca a importancia do patrimonio inmaterial nin comprende a importancia da súa función na transmisión e socialización da improvisación oral en verso.</p>

<p>creatividade. (2,5 puntos)</p>	<p>2º RIOV. B2.1.2. Valora o patrimonio inmaterial como elemento de desenvolvemento sociocultural.</p> <p>2º RIOV. B5.2.1. Comprende que forma parte do proceso de transmisión da regueifa.</p>	<p>que é necesario, con autonomía e excelente calidade comunicativa.</p> <p>Ten en grande valor o patrimonio inmaterial así como a súa función persoal na transmisión sociocultural da improvisación oral en verso.</p> <p>Sempre gusta de coñecer e incorporar os valores éticos do movemento social da improvisación en verso: colaboración mutua, resolución de conflitos de forma non violenta, defensa da xustiza social, humor, non competitividade, movemento colectivo cooperativo...</p>	<p>Valora de forma satisfactoria o patrimonio inmaterial así como a súa función como axente de transmisión da regueifa.</p> <p>Asume, de forma satisfactoria, os valores éticos da improvisación oral en verso que caracterizan o movemento na Galiza, especialmente o humor, a non competitividade, ou a defensa da xustiza social contra as discriminacións.</p>	<p>Asume algúns dos principios éticos do movemento da regueifa, de vez en cando: humor, non competitividade, xustiza social, etc.</p>	<p>Non participa dos valores do movemento educativo e social da regueifa: humor, xustiza social, non competitividade, etc.</p>
<p>Adquisición e asimilación de novos coñecementos.</p>	<p>2º RIOV. B1.3.2. Escoitar e reproducir melodías novas.</p>	<p>Sempre gusta de escoitar e reproducir novas melodías.</p> <p>Cando elabora as súas</p>	<p>Habitualmente gusta de ouvir e reproducir novas melodías.</p> <p>Elabora as súas</p>	<p>Habitualmente non mostra moito interese por ouvir e aprender novas melodías.</p> <p>Elabora as súas improvisacións</p>	<p>Nunca ou case nunca mostra interese por escoitar e reproducir novas melodías.</p> <p>Nunca ou case nunca improvisa en</p>

(2,5 puntos)	<p>2º RIOV. B3.3.1. Elabora os seus textos orais improvisados aplicando as características e recursos poéticos propios da regueifa.</p> <p>2º RIOV. B3.2.2. Aplica a linguaxe non sexista nin discriminatoria na improvisación oral.</p>	<p>improvisacións, sempre o fai aplicando as características adecuadas, de forma excelente.</p> <p>Incorpora sempre, de forma activa e con naturalidade, a linguaxe non sexista, tanto no seu discurso improvisado en verso, como nos textos orais nas aulas, así como valores proactivos contra a discriminación sexual.</p>	<p>improvisacións en verso de forma correcta e adecuada, segundo as características do repentismo.</p> <p>Incorpora, de forma satisfactoria, a linguaxe non sexista e valores contra a violencia contra as mulleres.</p>	<p>con defectos e incorreccións, a respecto das características propias da regueifa e a improvisación oral en verso.</p> <p>Incorpora de forma pouco habitual a linguaxe non sexista, así como valores contrarios á violencia contra as mulleres.</p>	<p>verso de forma correcta, segundo os recursos poéticos e comunicativos propios do repentismo.</p> <p>Utiliza linguaxe sexista e expresa valores de discriminación contra as mulleres.</p>
<p>çAdquisición de destrezas de autorregulación e control (estratexias de planificación, revisión e avaliación, así como autocontrol das emocións) e a confianza persoal.</p> <p>(2,5 puntos)</p>	<p>2º RIOV. B1.3.3. Canta dun xeito seguro e sen vergoña explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz.</p> <p>2º RIOV. B3.2.2. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, etc) como unha</p>	<p>Sempre que canta, faino dun xeito seguro e experimentando na procura de mellorar as posibilidades sonoras e expresivas da súa voz.</p> <p>Sempre que se dirixe ao público, adoita mostrar seguridade e confianza, controla as emocións e emprega axeitadamente a linguaxe non verbal.</p>	<p>Con carácter xeral, canta de forma satisfactoria, procurando mellorar as súas habilidades.</p> <p>Habitualmente canta con seguridade e confianza, e utiliza a linguaxe non verbal de forma satisfactoria</p>	<p>Mostra pouco interese por mellorar o seu canto e experimentar as posibilidades da súa voz.</p> <p>Adquire, de forma básica, destrezas de autorregulación e control das emocións, á hora de improvisar diante do público.</p>	<p>Canta de xeito inseguro e non procura destrezas para adquirir seguridade.</p> <p>Non procura mellorar as posibilidades expresivas da súa voz.</p> <p>Non adquire destrezas de autorregulación e control das emocións.</p>

	<p>manifestación natural da exposición perante o público.</p> <p>2º RIOV. B3.2.3. Participa nunha regueifa procurando manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar a súa improvisación perante un auditorio.</p> <p>2º RIOV. B4.1.1. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade.</p>	<p>Ao regueifar en público, sempre goza e faino mostrando de forma natural a súa propia identidade persoal como improvisador/a.</p> <p>Valora a oportunidade de ter público.</p> <p>Para ocupar o espazo con naturalidade, sempre avalía e se autoavalía nas producións improvisadas, desde a comunicación musical, a verbal e non verbal até os elementos emocionais, e case sempre propón solucións.</p>	<p>Habitualmente mostra seguridade ao regueifar en público, valorando a oportunidade de ter público.</p> <p>Habitualmente exerce a crítica sobre a súa propia improvisación e autoavalíase, para mellorar as súas habilidades.</p>	<p>Regueifa con certo nerviosismo, mostrándose por veces con inseguridade, diante do público.</p> <p>Ocupa o espazo con pouca naturalidade, e só procura solucións de forma oi b</p>	<p>Diante do público, móstrase sen habilidades de autocontrol: con nerviosismo, falta de seguridade...</p> <p>Non valora a oportunidade de ter público.</p> <p>Ocupa o espazo sen naturalidade.</p>
<p>Motivación para aprender, conciencia desta necesidade de aprender e confianza nas propias posibilidades.</p>	<p>2º RIOV. B1.3.1. Participa activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación.</p> <p>2º RIOV B1.3.2..</p>	<p>Sempre participa de forma activa, con confianza nas propias posibilidades e vontade de aprender, nas actividades propostas.</p> <p>Goza de forma</p>	<p>Participa satisfactoriamente das actividades propostas, ten motivación para aprender.</p> <p>Gosta de ouvir e reproducir</p>	<p>Ten un nivel de motivación básico.</p>	<p>Nunca ou case nunca desenvolve motivación para aprender. Non sente como unha necesidade ter unha actitude proactiva.</p> <p>Manifesta desagrado e actitude</p>

(2,5 puntos)	<p>Goza da audición activa e comentada da diversidade musical</p> <p>2ºRIOV 1.3.4. Escoita e reproduce melodías novas.</p> <p>2ºRIOV 1.3.5. Crea novas melodías propais con identidade.</p>	<p>extraordinaria da dimensión musical da improvisación oral en verso, ao ouvir e aprender novas melodías e ao crear as súas propias melodías.</p>	<p>músicas variadas e crea novas melodías.</p>	<p>Escoita e reproduce músicas con carácter básico a maior parte das veces. Ás veces crea melodías propias.</p>	<p>negativa ante as interpretacións musicais.</p>
--------------	---	--	--	---	---

6.- Metodoloxía didáctica

Enténdese por **Metodoloxía didáctica** o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A nosa práctica educativa indica que unha gran parte do alumnado precisa de estratexias cognitivas novas pero que, á vez, está saturado de propostas TIC das que é axente pasivo, o que lle fai perder atención e capacidade de percepción.

A nosa filosofía é que debe ser o propio alumnado quen cree e difunda os contidos que se tratan: o propio proceso de traballo enriquece enormemente a formación polo seu poder motivador.

A nosa metodoloxía intentará aproveitar os aspectos máis lúdicos do proceso de aprendizaxe, relacionando este proceso con dinámicas da animación sociocultural para a creación de ambientes proactivos de traballo. Traballaremos especialmente unha metodoloxía para a creación e dinamización do grupo con actividades baseadas en aspectos actitudinais, motivacionais e de desenvolvemento da identidade persoal e grupal.

Por outra parte, o interese do alumnado por novas metodoloxías didácticas e a súa sensibilidade estética deben acompañarse dos coñecementos para establecer un criterio propio, o que nos leva a formarnos continuamente nas ferramentas e conceptos que permiten xerar esas novas situacións de aprendizaxe.

Outro obxectivo é traballar a metodoloxía de proxectos ou *design thinking*: expoñemos un problema e buscamos información sobre el; os/as rapaces/as propoñen diferentes solucións debidamente argumentadas e as conclusións plásmanse en produtos audiovisuais ou TIC.

Porque o traballo con oralidade no século XXI está directamente relacionado coa expresión audiovisual e a comunicación, socialización e relación através rede social.

Utilizaranse técnicas de exposición, participación e aprendizaxe por parte do alumnado con dinámicas que consistirán en:

- Exposición por parte do profesorado.
- Actividades individuais e en grupo desenvolvidas na propia aula.
- Debate sobre as actividades desenvolvidas en grupo na aula.
- Probas prácticas individuais e en grupo e realización de Proxectos para o seguimento do grao de consecución dos contidos e competencias do alumnado.
- Probas de improvisación graduais en relación coa adquisición de técnicas de comunicación propias do xénero.

7.- Materiais e recursos didácticos

Os **recursos didácticos** son os soportes materiais nos que se presentan os contidos e sobre os que se realizan as distintas actividades. O feito de empregar medios didácticos na ensinanza ten unha dobre finalidade:

- Mellorar o proceso ensino-aprendizaxe.
- Crear un ambiente no que o profesorado e o alumnado poidan exercer interacción mutua, derivándose deste clima totalmente humanizado a mellora dos resultados educativos. Os recursos didácticos pódense clasificar en dúas categorías:
 - Materiais curriculares: Son recursos relacionados có currículo, por exemplo, o deseño curricular base, unidades de traballo, a guía do profesor, guía do alumno, etc.
 - Recursos materiais: Son recursos de axuda para facilitar as actividades propias do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Entre os numerosos recursos materiais, destacamos os impresos, os audiovisuais e os informáticos.

A posibilidade xeneralizada de dispoñer hoxe en día de acceso a Internet e ao teléfono móbil na aula permite o acceso a unha grande cantidade de información entre a que se inclúe videos, tutoriais, manuais técnicos...

Así pois, na presente programación optaremos por empregar materiais e recursos en rede (a través da aula virtual do Centro) para que o alumnado poda participar e construír de xeito directo o seu propio entorno cognitivo.

Vai ter especial importancia nesta materia os materiais e recursos didácticos elaborados polo propio alumnado con procesos de traballo de campo, investigación e elaboración de guías e manuais sobre diferentes elementos da improvisación oral. Tamém traballaremos con dispositivos e aplicacións de telefonía móbil (coa pertinente autorización familiar), e con tecnoloxía para a gravación de voz e audiovisual.

Unha parte importante desta materia se dimensiona coa utilización da rede social e para iso traballaremos na divulgación do traballo realizado ou recollido através de internet.

8.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente

O mellor indicador do proceso do ensino e a práctica docente é a nota reflectida en cada trimestre, pois nela van incluídos os diferentes baremos que consideramos que deben ser avaliados.

Tamén se terá en conta a actitude cara á materia, a atención e participación na clase, a realización das tarefas encomendadas diariamente, así como os resultados obtidos nos diferentes exames e recuperacións.

A efectos de recibir información do propio alumnado acerca do desempeño do noso traballo, ao final de cada avaliación pediráselle que fagan unha avaliación do noso labor como docentes, anónimo e xustificado, pois non debemos olvidar que a información que eles nos proporcionen pode ser moi valiosa.

A práctica docente verase reflectida tamén nos resultados obtidos nas diferentes probas internas levadas a cabo no Instituto e nas externas, entendendo por estas últimas as que se poidan facer de acordo coa nova lei. Os resultados do alumnado na Selectividade proporcionarán tamén información acerca da efectividade do exercicio docente.

9.- Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios (ESO)

Este apartado non resulta pertinente na materia que estamos tratando, a saber, Regueifa e improvisación oral en verso, pois é de libre configuración e só cursada no segundo curso da ESO.

10.- Avaliación inicial

Realízase ao comezo das actividades para poñer de manifesto as capacidades, coñecementos e actitudes previas do alumnado. Isto permite coñecer o punto de partida a partir do cal valorar o seu progreso.

Dese xeito, ó comezo do curso realizarase un cuestionario individual e unha proba oral individualizada para coñecer os coñecementos previos do alumnado e detectar posibles problemas.

Por outra banda, o seguimento do alumno e do seu traballo no día a día permitirá localizar alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, aplicando nese caso as medidas necesarias seguindo en todo caso o Plan Xeral de atención á Diversidade.

10.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

En base aos resultados obtidos na avaliación inicial tomaranse as medidas oportunas, tanto no plano individual como no grupal, no intento de adaptar a programación da clase á heteroxeneidade do grupo e as capacidades individuais tamén.

11.- Medidas de atención á diversidade

En relación ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño establece no seu Artigo 7 que:

“Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.”

En cumprimento do anterior, na presenta materia adoptaranse as seguintes medidas preventivas para a detección de necesidades atendendo aos distintos ritmos de aprendizaxe:

- Avaliación inicial.
- Análise dos traballos realizados polos alumnos.
- Actividades iniciais sobre meta-aprendizaxe: explicación de métodos de traballo das unidades didácticas, destrezas básicas para estudalas e procedemento de control sobre a propia aprendizaxe.

E, en caso necesario, tomaranse as seguintes medidas ordinarias:

- Actividades de reforzo que fundamenten futuras aprendizaxes significativas e van dirixidas a aqueles estudantes que teñen lagoas en aspectos básicos.

12.- Elementos transversais

En relación ós elementos transversais, o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño establece no seu Artigo 4 que:

“A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.”

E, no apartado 3 do mesmo punto:

“A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.”

Para nós é sumamente importante o traballo con valores sociais actuais, tamén sinalados no Deceto 86/2015, pois o noso alumnado pode modernizar os valores da regueifa, -un xénero tradicionalmente sexista e por veces discriminatorio-, por exemplo, con actitudes proactivas e de xustiza social destacadas no Decreto: “igualdade efectiva entre homes e mulleres, non discriminación, liberdade, xustiza, paz e dereitos humanos”.

As propias características da materia desenvolvida na presente programación están orientadas a potenciar os puntos expostos nos apartados anteriores e nos demais apartados do Artigo 4 do Decreto, sendo a expresión oral un elemento esencial para a superación da materia.

13.- Actividades Complementarias e Extraescolares

Véxase o epígrafe 12 da programación de Lingua galega e literatura.

14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Periodicamente farase un seguimento da programación didáctica e das modificacións oportunas, que se reflectirá na memoria final. Farase especial fincapé nos procesos de ensinanza aprendizaxe e adecuarase a actuación docente e os recursos metodolóxicos cando sexa preciso.

ANEXO:

Currículo de “Regueifa e improvisación oral en verso”

Introdución

A *Regueifa* é a expresión galega da *improvisación oral en verso*, un movemento cultural e académico en expansión que conta con cátedras universitarias, congresos internacionais ou procesos de investigación e de desenvolvemento escolar abertos por diferentes lugares do planeta. A *Improvisación oral en verso* introduciuse no ensino regrado en Cuba, País Vasco, Brasil ou Italia e, no noso sistema, esta materia de libre configuración móstrase como un espazo para a renovación pedagóxica e o fomento da participación sociocultural en, para e desde a Educación Secundaria.

No noso caso, esta materia ten unha importancia dual, tanto no plano de formación persoal do alumnado como no desenvolvemento desde os centros educativos dun proceso colectivo de creación e dinamización sociocultural.

Nun momento en que constatamos unha crise nas habilidades comunicativas orais nesta “Era da Comunicación”, pensamos que o sistema escolar debe actuar ofrecendo unha formación de calidade a través de novos modelos pedagóxicos, actualizados e experimentais. A “Escola” corre o risco de ficar distanciada da evolución sociocultural. A aprendizaxe de habilidades de comunicación social a través da oralidade, convivindo coas novas tecnoloxías da comunicación, parécenos unha vía con grandes posibilidades de desenvolvemento.

Estase a poñer de manifesto a necesidade de actualizar o traballo oral no contexto educativo para mellorar a capacidade comunicativa do noso alumnado para expresar sentimentos, coñecementos, opinións ou proxectos e esta materia quere participar nesa renovación pedagóxica.

Ademais, pensamos que aprender a falar é unha experiencia social que ten en conta aspectos lingüísticos, sociolingüísticos, discursivos e de estratexia comunicativa. A planificación e realización da materia de *Regueifa e Improvisación oral en verso* está estreitamente vinculada con correntes didácticas de vangarda ás que, coa nosa experiencia, queremos contribuír, relacionando ámbitos científicos como a lingüística, a musicoloxía, a psicoloxía social, a antropoloxía ou a socioloxía.

A nosa proposta integra o traballo musical, lingüístico, escénico e actitudinal, desde un punto de vista que entende a improvisación oral como unha actividade social e comunicativa que pretende ser unha actividade altamente significativa para o alumnado, desde a perspectiva de “actividade social”, das relacións sociais, fomentando o carácter lúdico da experiencia de aprendizaxe e a participación directa, protagonista, do propio alumnado.

Por outro lado, este proxecto ten como un dos seus centros axiais a educación musical. Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como

aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica. A educación musical permite igualmente traballar coas emocións dun xeito moi explícito, e sabemos que educar persoas íntegras implica, ademais de posibilitar a adquisición de coñecementos, o traballo coas mesmas, pois saber xestionalas supón saber estar no mundo dun modo máis axeitado.

A educación musical permite así mesmo o exercicio da creatividade, e esta supón unha das maneiras máis importantes que ten o ser humano de aprender e de adaptarse, pois a rixidez fainos vulnerables, mentres que a creatividade fortalécenos ao axudarnos na constante adaptación que, en última instancia, é a vida.

A formación musical contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo.

Con esta materia preténdese modernizar a creación cultural desde o ámbito escolar, actualizar a nosa tradición. A Regueifa é un importante elemento do patrimonio cultural inmaterial galego, e a nosa intención tamén é darlle ao imaxinario tradicional unha funcionalidade no momento actual, **crear tradición en activo**, ou activar a tradición e actualizala coa enerxía da xuventude.

A materia *Regueifa e Improvisación oral en verso* debe dotar ao alumnado de coñecementos, técnicas e procedementos que lle permitan expresarse e crear a través das linguaxes verbais, musicais e escénicas. Para tal fin, o alumnado debe comprender e interpretar diferentes linguaxes así como o devir da historia da improvisación oral en verso ao longo dos séculos e en diferentes territorios; saber valorar a importancia do patrimonio inmaterial e a improvisación oral, comprender e participar do movemento de actualización da regueifa e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento; constatar e valorar a improvisación oral como peza de desenvolvemento cultural, social e económico da nosa sociedade.

Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes na improvisación oral en verso configuran múltiples xeitos de construír e realizar o propio movemento sociocultural da Regueifa, e entender, por conseguinte, que cada sociedade e cada época debe coñecer a súa tradición e actualizala cos valores sociais emerxentes; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación foron e son modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

Esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: *a comunicación lingüística*, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, especialmente das de carácter oral; *as competencias sociais e cívicas*, pois a improvisación oral en verso ten como destino comunicativo participar de xeito eficaz e construtivo na vida sociocultural; e *a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor*, pois a oralidade fomenta a proactividade, o autocoñecemento e a autoestima.

Esta materia distribúe os seus contidos en cinco bloques:

B1. "Comunicación musical"

B2. "Historia da Regueifa e a improvisación oral en verso"

B3. "Comunicación lingüística, poética e retórica"

B4. "Comunicación escénica e performance"

B5. "Creatividade e xestión sociocultural".

No **bloque primeiro**, *Comunicación Musical*, (8 sesións), trabállase a audición, a recolla en traballos de campo e a composición de regueifas e doutras formas de improvisación oral en verso. Coñeceremos o noso corpo para expresar musicalmente a improvisación e as nosas posibilidades expresivas. E divulgaremos, a través de gravacións de voz e as novas tecnoloxías de reprodución e edición musical e audiovisuais, as nosas propias interpretacións.

No **segundo bloque**, *Historia da improvisación oral en verso*, (6 sesións), explícase a historia e a actualidade da improvisación oral en verso, tanto en Galiza como noutros puntos do planeta. Explícase tamén a importancia de improvisación na historia do ser humano, desde un punto de vista antropolóxico e sociolóxico, en relación coa historia pasada e a actual era da información. É importante coñecer a historia e actualidade da improvisación oral en verso no resto do mundo: País Vasco, Sudamérica, Portugal, Brasil, Cataluña e outros territorios, como exemplo da diversidade cultural dos pobos. E, alén disto, o alumnado coñecerá o proceso de desenvolvemento educativo e sociocultural da regueifa como movemento sociocultural en expansión.

No **bloque terceiro**, *Comunicación lingüística, poética e retórica* (8 sesións), explicaremos os principios da comunicación lingüística e sociolingüística da regueifa; os recursos literarios do xénero: morfoloxías poéticas, recursos estilísticos, convencións da tradición, innovacións actuais. Relacionaremos a improvisación oral coa retórica. E aprenderemos a improvisar textos orais en verso.

Em **cuarto lugar**, no bloque *Comunicación escénica e performance* (6 sesións), coñeceremos os elementos non verbais da regueifa como proceso comunicativo en interacción cun público. Neste ámbito de comunicación, teremos especial interese en demostrar seguridade persoal diante do momento da improvisación pública, através da adquisición de técnica, experiencia e autoestima. Ademais, empregaremos a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso oral.

Por último, no **bloque quinto**, *Creatividade e xestión sociocultural* (8 sesións), coñeceremos activamente as características do movemento sociocultural da improvisación oral, e implicarémonos con outros axentes locais e non locais na xestión da improvisación oral en verso como elemento dinamizador da escola e da sociedade. Traballaremos desde a innovación e a creación colectiva, empregando as ferramentas dixitais para a creación horizontal e a divulgación cultural.

Nesta materia ten unha importancia fundamental a **comunicación transversal de valores**, pois pensamos que a improvisación oral en verso debe actualizar os referentes actitudinais dunha tradición histórica (especialmente sexista) con valores do século XXI e que é o noso alumnado quen debe ter un especial protagonismo no proceso de modernización da Regueifa.

Metodoloxicamente, o traballo debe ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas que teñen que ver coa oralidade.

Nesta materia debe ser o propio alumnado quen cree e difunda os contidos que se traten: o propio proceso de traballo enriquece enormemente a formación polo seu poder motivador. A nosa metodoloxía intentará aproveitar os aspectos máis lúdicos do proceso de aprendizaxe, relacionando este proceso con dinámicas da animación sociocultural para a creación de ambientes proactivos de traballo. Traballaremos especialmente unha metodoloxía para a creación e dinamización do grupo con actividades baseadas en aspectos actitudinais, motivacionais e de desenvolvemento da identidade persoal e grupal.

Por outra parte, o interese do alumnado por novas metodoloxías didácticas e a súa sensibilidade estética deben acompañarse dos coñecementos para establecer un criterio propio, o que nos leva a formarnos continuamente nas ferramentas e conceptos que permiten xerar esas novas situacións de aprendizaxe.

Outro obxectivo é traballar a metodoloxía de proxectos ou *design thinking*: expoñemos un problema e buscamos información sobre el; os/as rapaces/as propoñen diferentes solucións debidamente argumentadas e as conclusións plásmanse en produtos audiovisuais ou TIC. Porque o traballo con oralidade no século XXI está directamente relacionado coa expresión audiovisual e a comunicación, socialización e relación através rede social.

En canto aos recursos didácticos, van ter especial importancia os materiais e recursos didácticos elaborados polo propio alumnado con procesos de traballo de campo, investigación e elaboración de guías e manuais sobre diferentes elementos da improvisación oral, así como os materiais divulgativos que o propio alumnado vai xerar e compartir na rede social.

Como peche, cómpre non esquecer a necesidade de que os instrumentos de avaliación sexan variados para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e para valorar a evolución do alumnado. Como ferramenta, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.

Bloque 1: Comunicación musical				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores de aprendizaxe	Competencias clave
J, B, E	<p>B1.1. Audición de música recollida de regueifa. Investigación e valoración das posibilidades do son. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballamos pezas transcritas de recollidas de campo. - Analizar a páxina web do APOI, do Museo do Pobo Galego. - Buscar información nos diversos cancioneros publicados de música tradicional. 	B1.1.1 Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	RIO B.1.1.1 Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	<p>CMCCT</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>

		B.1.1.2 Distinguir e empregar os elementos da representación gráfica da música.	RIO B.1.1.2 Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	
B, E, O	B1.2. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. .- Empregar e confeccionar musicogramas sobre as diversas manifestacións artísticas da expresión oral.	B.1.2.1 Analizar as diversas formas musicais da improvisación oral en verso que traballemos na aula B.1.2.2 Elaborar musicogramas para facilitar a visualización dos esquemas das diversas manifestacións artísticas da expresión oral	RIO B.1.2.1 Analiza as diversas formas musicais da improvisación oral en verso que traballamos na aula. RIO B.1.2.2 Elabora musicogramas para facilitar a visualización dos esquemas das diversas manifestacións artísticas da expresión oral.	CCL CMCT CD CAA
H, A, D, J, E, K	B1.3. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. - A improvisación na Lusofonía: desde os desafíos de Portugal ao repentismo en Brasil. - O bertsolarismo vasco. - O repentismo hispánico - A glosa catalana - O RAP americano. .- Practicar a regueifa de xeito activo explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz. .- Compoñer estilos propios de melodías melismáticas para tentar construír identidades sonoras. .- Interpretar as diversas herdanzas sonoras das regueifeiras e regueifeiros profesionais. .- Explorar as posibilidades sonoras e expresivas da voz	B.1.3.1. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, tentando concertar a súa acción coa resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. B.1.3.2. Gozar da audición activa e comentada da diversidade musical. B.1.3.3. Cantar dun xeito seguro e sen vergoña explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz. B.1.3.4. escoitar e reproducir melodías novas.	RIOB.1.3.1. Participa activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación RIOB.1.3.2. Goz da audición activa e comentada da diversidade musical. RIOB.1.3.3. Canta dun xeito seguro e sen vergoña explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz. RIOB.1.3.4. escoita e reproducir melodías novas. RIOB.1.3.5. Crea novas melodías propias con identidade.	CCEC CAA CSIEE CSC CCEC

		B.1.3.5 Crear novas melodías propias con identidade.		
J,B,H,D,O,K	B1.4. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.	B.1.4.1 Empregar correctamente a postura corporal cara o canto. B.1.4.2 Buscar unha marca de identidade postural á hora de subir ao palco para interpretar unha regueifa.	RIOB.1.4.1Emprega correctamente a postura corporal cara o canto. RIOB.1.4.2 Busca unha marca de identidade postural á hora de subir ao palco para interpretar unha regueifa.	CSC CAA CCEC
A, B, D, I, J	B1.5. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores. Utilización dos medios de comunicación e das redes sociais para compartir información. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a creación de producións propias.	B.1.5.1 Manexar o programa de gravación AUDACITY de software libre para deixar constancia sonora do traballo realizado. B.1.5.2 Gravar co móbil e editar os videos para subilos ao blog ou compartilos por whats app.	RIOB.1.5.1 Manexa o programa de gravación AUDACITY de software libre. RIOB.1.5.2 Grava co móbil e edita os videos para subilos á rede.	CD CAA CCL CSIEE CCEC
	Bloque 2: Historia e actualidade da improvisación oral en verso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.1. Valoración da lingua oral como medio de transmisión de información e ferramenta de desenvolvemento na historia da	B2.1.Valorar a lingua oral como medio de expresión comunicativo e de sinal de	RIOB.2.1.1. Recoñece o valor da lingua oral e da	

F, L, Ñ	<p>humanidade. Relacións coa antropoloxía e a etnoloxía.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A oralidade como ferramenta de creación de identidade colectiva. - A evolución da lingua oral ao longo da historia, antes e despois da aparición da escrita, a imprenta e outras tecnoloxías de comunicación. - O patrimonio inmaterial e a improvisación oral en verso. Da UNESCO ao Museo do Pobo Galego. 	<p>identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade</p> <p>Coñecer a utilidade de ciencias como a Antropoloxía e a Etnoloxía.</p> <p>Ofrecer unha visión xeral sobre a historia da improvisación oral e a súa relación cos avances tecnolóxicos da comunicación</p>	<p>improvisación en verso na historia da humanidade.</p> <p>RIOB.2.1.2. Valora o patrimonio inmaterial como elemento de desenvolvemento sociocultural.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p>
O, F, L,,Ñ	<p>B2.2. A improvisación oral en verso no mundo. Historia e actualidade. Extensión do fenómeno e procesos de perda e revitalización.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O caso da improvisación en euskaro: Bertsolarismo. - A improvisación na Lusofonía: os desafíos de Portugal e o repentismo en Brasil. - O caso de Cuba e o repentismo hispánico: As aportacións de Alexis Díaz Pimienta á teoría e a práctica da improvisación poética. - Outras sociedades con improvisación oral en verso: Cataluña, Curdistán, etc. - O RAP e o free style: orixes e actualidade. 	<p>B2.2. Coñecer a extensión do fenómeno da improvisación oral no mundo, diacronica e diatopicamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Analizar as semellanzas e diferencias entre os diferentes tipos de improvisación en verso. • Coñecer diferentes procesos sociais de posta en valor da improvisación oral no mundo. • Saber localizar nun mapa os diferentes espazos de desenvolvemento da improvisación oral no planeta. • Situar nun mapa do mundo os países de lingua portuguesa e procurar en Internet información básica sobre a situación da improvisación oral. • Coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural. 	<p>RIOB2.2.1. Explica a situación da improvisación oral nos entre os diferentes pobos do mundo.</p>	<p>CCEC</p> <p>CCL</p>
O, E, F, H, L, N, Ñ	<p>B2.3. A improvisación oral en Galiza. Historia e actualidade. Extensión do fenómeno e procesos de perda e revitalización.</p>	<p>B2.3. Describir en termos xerais a historia da improvisación oral en verso en Galiza, e explicar a situación presente do movemento de revitalización da regueifa.</p>	<p>RIOB2.3.1. Explica a historia da improvisación oral na Galiza.</p>	<p>CAA</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - As tençons medievais. Lourenço Xogral. - A tradición oral durante os Séculos Escuros. - A regueifa no Cancioneiro Tradicional Galego. - A regueifa no século XX: das Irmandades da Fala ao fin da Ditadura. - As recollidas de campo modernas: de Mini e Mero a Mercedes Peón e Ramom Pinheiro. - A regueifa nos medios de comunicación e redes sociais: da TVG ao Youtube. - Os regueifeiros e regueifeiras tradicionais: Bergantiños, Xallas, Courel... Regueifas, brindos. - A relación da improvisación co "Entroido do Ulla". - O proceso de recuperación da regueifa desde os anos 90: A Asociación ORAL, Pinto de Herbón e os regueifeiros actuais. - O movemento social da Nova Regueifa Galega: Certames escolares e a renovación da improvisación oral en verso pola xuventude. - A muller na historia da improvisación oral en verso. - RAP e free style na Galiza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender r textos escritos doutras épocas históricas recollidos en Cancioneiros. • Investigar de forma individual e grupal sobre a historia da regueifa na Galiza. • Establecer comunicación, através de traballo e campo e entrevistas, con diferentes protagonistas da improvisación poética en Galiza. E facer divulgación co material recollido. • Utilizar as novas tecnoloxías para compartir en rede o material elaborado sobre a historia da Regueifa. • Analizar, definir e describir o novo movemento da regueifa. • Coñecer a relación do entroido da comarca do Ulla coa historia da improvisación oral e participar no entroido con regueifas de elaboración propia. • Coñecer o discurso de xénero no ámbito da improvisación oral e coñecer as mulleres improvisadoras ao longo da historia e na actualidade. 	<p>RIOB2.3.2. Describe a situación actual da regueifa na Galiza, con especial interés polas novas xeracións e o papel da muller.</p>	<p>CCEC CCL</p>
N, Ñ	<p>B2.4. O presente e o futuro da Regueifa: planificación da participación social. Novas formas de visibilizar e extender a improvisación oral na nosa sociedade.</p> <p>- A rede de axentes sociais implicados na recuperación da regueifa: instiitucións, colectivos, empresas, artistas, etc.</p>	<p>B2.4. Analizar e comprender a situación actual da regueifa en Galiza e as estratexias para a súa difusión e fomento da participación social.</p> <p>Coñecer os factores que desde diferentes ámbitos, -institucional, cidadán, asociativo- favorecen a extensión da regueifa na nosa sociedade.</p>	<p>RIOB2.4.1. Confecciona unha panorámica sobre a planificación sociocultural actual da regueifa.</p>	<p>CAA CSC CSIEE CCEC</p>

E, N, Ñ	<p>B2.5. A historia facemola nós. Arquivo e organización do material - especialmente o audiovisual- xerado durante a propia materia.</p> <p>- Uso das redes sociais: blogue de aula, youtube, facebook, etc.</p>	<p>B2.5. Organizar o material de elaboración propia de cara á súa difusión social.</p> <p>Saber empregar as TIC para crear rede social e ampliar a presenza da regueifa no mundo do ensino e a xente nova.</p>	<p>RIOB2.5.1. Elabora, organiza e difunde o material elaborado sobre regueifa através das TIC.</p>	<p>CD</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>
O, Ñ	<p>B2.6. Valoración da improvisación como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dos pobos. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.</p>	<p>B2.6. Reflexionar e valorar a actividade da improvisación oral en verso co desenvolvemento persoal e colectivo do pobos, promovendo valores de xustiza.</p> <p>Valorar a regueifa como elemento de normalización da lingua galega.</p> <p>Valorar o plurilingüismo e a ecoloxía das linguas.</p>	<p>RIOB2.6.1. Describe o valor da improvisación oral en verso como elemento de desenvolvemento cultural e de normalización lingüística.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>

Bloque 3: Comunicación lingüística, poética e retórica				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares e indicadores de aprendizaxe	Competencias clave
H, L, Ñ, O	B3.1. A regueifa como fenómeno lingüístico e sociolingüístico	B3.1. Utilizar a lingua galega de xeito correcto e adecuado ao xénero da improvisación oral.	RIOB3.1.1. Emprega a lingua galega con corrección no momento da	CCL

	<ul style="list-style-type: none"> - Oralidade e corrección lingüística. - A regueifa no proceso de normalización da lingua. - Os rexistros de lingua na regueifa. - A adecuación á situación comunicativa. - Os valores sociais na lingua: A linguaxe non sexista,. linguaxe non discriminatoria. - Castelanismos, hiperenxebrismos e outros desvios da norma. 	Recoñecer a importancia da linguaxe non sexista e non discriminatoria e aplicala á improvisación oral.	<p>improvisación oral.</p> <p>RIOB3.1.1. Aplica a linguaxe non sexista nin discriminatoria na improvisación oral.</p>	CAA
H, L, Ñ, O	<p>B3.2. A regueifa como fenómeno oral improvisado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Oralidade, repentismo e comunicación - Oralidade e claridade na comunicación. - Importancia da oralidade na sociedade actual. - A oralidade como experiencia social. - Elementos da oralidade: lingüísticos, prosódicos, paralingüísticos, cinésicos. - Características da regueifa como texto oral: fluidez, dialoguicidade, espontaneidade, seguridade escénica, comunicabilidade. - A controversia. parellas, tríos, roda. - Técnicas da controversia: a <i>riposta</i>, o “engado”, velocidade desestabilizadora... - Dinámica interna da improvisación: o proceso creativo interno e o proceso externo - O humor. - A crítica social. 	<p>B3.2. Coñecer as características da improvisación como texto oral.</p> <p>Organizar a improvisación oral seguindo as técnicas e características básicas da regueifa.</p>	<p>RIOB3.2.1. Presenta unha regueifa improvisada con naturalidade e segunda as técnicas aprendidas.</p> <p>RIOB3.2.2. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público.</p> <p>RIOB3.2.3. . Participa nuna regueifa procurando manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar a súa improvisación perante un auditorio</p>	CCL CAA

H, Ñ, O	<p>B3.3. A regueifa como fenómeno poético</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ritmo - Rima. - Métrica. - A cuarteta - Contido - Tema - Recursos literarios: hipérbolos, comparacións, metáforas, etc. - O pé forzado. - O “tempo”. - Tópicos da regueifa: saúdo, fórmulas convencionais, despedida... - Innovación na Regueifa: experimentación con novos temas e formas. 	<p>B3.3. Coñecer os recursos poéticos que concorren na improvisación en verso.</p> <p>Elaborar textos de improvisación en verso con elementos poéticos tradicionais e innovadores.</p>	<p>RIOB3.3.1. Elabora os seus textos orais improvisados aplicando as características e recursos poéticos propios da regueifa.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p>
H, Ñ, O	<p>B3.4. Regueifa e retórica</p> <p>Inventio, dispositio, elocutio, memoria, actio/pronuntiatio</p>	<p>B3.4. Coñecer os elementos da retórica presentes na improvisación oral</p>	<p>RIOB3.4.1. Aplica os elementos da retórica na construción da regueifa.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p>

Bloque 4: Comunicación escénica e performance				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores de	Competencias clave

			aprendizaxe	
M, N, D	<p>B4.1. A regueifa como performance.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Quinésica: comunicación corporal. - Proxémica: espazo escénico - Naturalidade fronte a artificiosidade <p>B4.2. O protagonismo do publico</p> <p>B4.3. Importancia da concentración</p> <p>B4.4. Os diferentes contextos de actuación.</p>	<p>B4.1. Comprender a improvisación oral como performance: creación no momento da comunicación.</p> <p>Coñecer os factores escénicos da improvisación oral en público.</p> <p>Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso</p>	<p>RIOB4.1.1. Emprega a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados.</p> <p>RIOB4.1.1. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p>

Bloque 5: Creatividade e xestión sociocultural				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores de aprendizaxe	Competencias clave
A, C, G, L, N, Ñ	<p>B5.1. O desenvolvemento da regueifa como proceso colectivo de desenvolvemento sociocultural</p> <ul style="list-style-type: none"> - A actitude de autoconfianza personal e colectiva para evolucionar e actualizar a tradición. - A importancia da transmisión xeracional. - O papel do compromiso individual no desenvolvemento social da regueifa. <p>B5.2. Obxectivos do proceso de revitalización da Regueifa: Transmisión, difusión, documentación-investigación,</p> <p>B5.3. Características da acción social no ámbito cultural:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Activismo e participación 	<p>B5.1. Analizar e comentar o proceso de desenvolvemento social da regueifa.</p> <p>B5.2. Comprender a importancia da transmisión xeracional para a revitalización da regueifa.</p> <p>B5.3. Coñecer os elementos que caracterizan o movemento sociocultural da improvisación oral en Galiza.</p> <p>B5.4. Diseñar, producir e xestionar un espectáculo de regueifa.</p> <p>B5.5. Experimentar a participación</p>	<p>RIOB5.1.1. Comprende e valora os principais elementos do desenvolvemento sociocultural da regueifa.</p> <p>RIOB5.2.1. Comprende que forma parte do proceso de transmisión da regueifa.</p> <p>RIOB5.3.1. Participa activamente na planificación e xestión dun encontro de regueifa.</p>	<p>CCEC</p> <p>CSIEE</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Pluralismo ideolóxico e diversidade do movemento. - Cultura do debate e o consenso. - O traballo voluntario e o traballo profesional. <p>B5.4. A planificación e a creatividade sociocultural desde o noso colectivo. Toma de decisións e planificación asemblearia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestión e produción dun encontro de regueifa. <p>B5.5. A regueifa como dinamizador socioeconómico.</p>	<p>sociocultural en diferentes ámbitos da improvisación oral, escolares e extraescolares.</p>		
--	---	---	--	--

Estándares mínimos de “Regueifa e Improvisación Oral en Verso”. 2º ESO

Bloque 1: Comunicación musical

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación							
				Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno	Rúbrica	Obs. aula	
CMCCT CCEC CCL CAA CCEC	<p>RIO B.1.1.1 Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p>RIO B.1.1.2 Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>	1ª avaliación	<p>É quen de recoñecer os parámetros do son a os elementos musicais básicos.</p> <p>Aplica ritmos e compases a textos diversos.</p>		X						X
CCL CMCT CD CAA	<p>RIO B.1.2.1 Analiza as diversas formas musicais da improvisación oral en verso que traballamos na aula.</p> <p>RIO B.1.2.2 Elabora musicogramas para facilitar a visualización dos esquemas das diversas manifestacións artísticas da expresión oral.</p>	Todo o curso	<p>Identifica diferentes formas de improvisación sinxelas.</p> <p>Valora musicalmente as recollidas de traballo de campo.</p> <p>Coñece e comprende a importancia da música recollida nas principais plataformas e fontes de información musical.</p>	X	X	X	X				X
CCEC	RIOB.1.3.1.Participa activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación.	Todo o curso	Participa cantando de forma activa e con motivación das		X		X			X	X

CAA CSIEE CSC CCEC	<p>RIOB.1.3.2. Goza da audición activa e comentada da diversidade musical.</p> <p>RIOB.1.3.3.Canta dun xeito seguro e sen vergoña explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz.</p> <p>RIOB.1.3.4 Escoita e reproducir melodías novas.</p> <p>RIOB.1.3.5 Crea novas melodías propias con identidade.</p>		<p>improvisacións na aula.</p> <p>Valora e goza coa interpretación e a audición das diferentes formas de repentismo.</p> <p>Canta procurando seguridade explorando a súa voz.</p> <p>Sabe interpretar con carácter xeral as principais melodías do repentismo galego.</p> <p>É quen de crear melodías propias.</p>								X	X	X
CSC CAA CCEC	<p>RIOB.1.4.1Emprega correctamente a postura corporal cara o canto.</p> <p>RIOB.1.4.2 Busca unha marca de identidade postural á hora de subir ao palco para interpretar unha regueifa.</p>	Todo o curso.	Identica o corpo como un instrumento e utilízao conscientemente e con personalidade propia nas interpretacións.		X						X	X	
CD CAA CCL CSIEE CCEC	<p>RIOB.1.5.1 Manexa o programa de gravación AUDACITY de software libre.</p> <p>RIOB.1.5.2 Grava co móbil e edita os videos para subilos á rede.</p>	Todo o curso	É quen de gravar co móbil e compartir nas redes sociais.			X	X						X

Bloque 2: Historia e actualidade da improvisación oral en verso

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						
				Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno	Rúbrica	Obs. aula
CMCCT CCE CCL	<p>RIOB.2.1.1. Recoñece o valor da lingua oral e da improvisación en verso na historia da humanidade.</p> <p>RIOB.2.1.2. Valora o patrimonio inmaterial como elemento de desenvolvemento sociocultural.</p>	1ª avaliación	<p>Recoñece o valor da oralidade improvisada .</p> <p>Valora o patrimonio inmaterial.</p>			X		X		X
CCEC CCL	RIOB2.2.1. Explica a situación da improvisación oral entre os diferentes pobos do mundo.	1º, 2ª e 3ª avaliación s	<p>Coñece as principais formas de improvisación oral en verso do mundo.</p> <p>Sabe explicar as características principais do repentismo basco, portugués e cubano.</p> <p>Valora a Lusofonía como espazo cultural afín á nosa cultura.</p> <p>Coñece os principais elementos e historia do RAP eo freestyle</p>	X		X	X	X		X
CAA CCEC CCL	<p>RIOB2.3.1. Explica a historia da improvisación oral na Galiza.</p> <p>RIOB2.3.2. Describe a situación actual da</p>	1ª, 2ª e 3ª aval.	<p>Sabe explicar, de xeito xeral, a historia da improvisación na Galiza.</p> <p>Coñece os principais nomes do repente galego.</p>	X		X	X	X		X

	regueifa na Galiza, con especial interés polas novas xeracións e o papel da muller.		<p>Coñece, valora e explica a situación actual do repentismo galego, destacando a participación feminina.</p> <p>Coñece as relacións entre regueifa, rap e freestyle.</p> <p>Investiga de forma individual e en grupo sobre o repentismo na Galiza e no mundo.</p> <p>Recoñece a regueifa, o brindo, os atranques e as bombas como formas de improvisación oral da Galiza.</p>							
CAA CSC CSIEE CCEC	RIOB2.4.1. Confecciona unha panorámica sobre a planificación sociocultural actual da regueifa.	Todo o curso	Comprende e explica o momento sociocultural do repente galego e os axentes principais implicados.	X		X		X		X
CD CSC CSIEE CCEC	RIOB2.5.1. Elabora, organiza e difunde o material elaborado sobre regueifa através das TIC	Todo o curso	<p>É quen de elaborar e compartir através das TICs recursos sobre a regueifa.</p> <p>Coñece, de forma básica, os principais recursos online e a rede social do repente galego.</p>	X		X	X	X		X
CAA CSC CSIEE CCEC	RIOB2.6.1. Describe o valor da improvisación oral en verso como elemento de desenvolvemento cultural e de normalización lingüística.	Todo o curso	<p>Entende e explica a importancia do repente para o desenvolvemento da nosa cultura e a lingua propia.</p> <p>Comprende a importancia da regueifa como formadora de</p>	X		X	X			X

			valores de xustiza social.							
--	--	--	----------------------------	--	--	--	--	--	--	--

Bloque 3: Comunicación lingüística, poética e retórica

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación				C a d e r n o	Rúbrica	Obs. aula
				Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo			
CCL CCA	RIOB3.1.1. Emprega a lingua galega con corrección no momento da improvisación oral. RIOB3.1.1. Aplica a linguaxe non sexista nin discriminatoria na improvisación oral.	Todo o curso	Emprega a lingua oral de forma con vontade de corrección en relación ao momento comunicativo, prestando atención especial polos vulgarismos e castelanismos. Utiliza unha linguaxe non discriminatoria, sen homofobia nin sexismo.	X	X	X	X		X	X
CCL CAA	RIOB3.2.1. Presenta unha regueifa improvisada con naturalidade e segundo as técnicas aprendidas. RIOB3.2.2. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación	1ª 2ª e 3ª avaliación	Construe coplas improvisadas con naturalidade, claridade e segundo as regras técnicas do xénero. Manifesta seguridade e aplica técnicas fronte o nerviosismo		X				X	X

	natural da exposición perante o público. RIOB3.2.3. . Participa nunha regueifa procurando manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar a súa improvisación perante un auditorio		no momento da improvisación. É quen de improvisar unha regueifa en público, con serenidade.							
CCL CAA	RIOB3.3.1. Elabora os seus textos orais improvisados aplicando as características e recursos poéticos propios da regueifa.	Todo o curso	Constrúe as coplas improvisadas con ritmo, rima, métrica e, en xeral, os recursos propios do xénero. Crea a partir dun pé forzado.		X				X	X
CCL CAA	RIOB3.4.1. Aplica os elementos da retórica na construción da regueifa.	Todo o curso	Recoñece a improvisación oral como xénero retórico.	X		X			X	X

Bloque 4: Comunicación escénica e performance

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						
				Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno	Rúbrica	Obs. aula
CAA CSC	RIOB4.1.1. Emprega a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados.	2ª e 3ª aval.	Coñece a comprende a importancia da quinésica e a proxémica e aplícaa nas súas improvisacións. Sabe analizar un audiovisual desde o punto de vista da	X	X			X	X	X

			<p>quinésica.</p> <p>Ten en conta o protagonismo do público.</p> <p>Valora a dimensión psicoafectiva da improvisación oral en verso</p>								
CAA CSC	RIOB4.1.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade.	2º e 3º avaliación	Sabe adaptarse aos diferentes espazos escénicos con naturalidade.		X					X	X

Bloque 5: Creatividade e xestión sociocultural

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						
				Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno	Rúbrica	Obs. aula
CCEC CSIEE CSC CD	RIOB5.1.1. Comprende e valora os principais elementos do desenvolvemento sociocultural da regueifa	Todo o curso	<p>Analiza e comprende a evolución sociocultural da regueifa.</p> <p>Coñece e explica as principais características do movemento social do repentismo galego.</p>	X		X	X			X

CCEC CSIEE CSC CD	RIOB5.2.1. Comprende que forma parte do proceso de transmisión da regueifa.	Todo o curso	Valora a importancia do compromiso persoal e o activismo no proceso de transmisión e actualización do repentismo galego na escola e fora dela. É quen de se considerar parte do proceso de transmisión interxeracional da regueifa.	X		X	X			X
CCEC CSIEE CSC CD	RIOB5.3.1. Participa activamente na planificación e xestión dun encontro de regueifa.	Todo o curso	Participa de forme activa, de forma individual e en grupo, no deseño, organización, xestión e desenvolvemento de espectáculos de regueifa. É quen de explicar basicamente e participar de forma activa da vivencia da autoxestión			X	X		X	X

Asinado: Xosé Luís González Sende

Asinado: Eladia Diéguez Vázquez

Vila de Cruces, 25 de outubro de 2020